

alto grao de supervisión, pero con certos coñecementos profesionais, cun período intermedio de adaptación.

Formación: formación básica ou media, con formación específica no posto de traballo ou coñecementos adquiridos no desempeño da profesión.

Comprende as seguintes categorías:

- Oficial 1ª taller.
- Oficial administrativo.
- Dependente maior.

* Grupo profesional IV.

Competencias requiridas: tarefas que se executen cun alto grao de dependencia con instrucións específicas. Pode requirir esforzo físico, con coñecementos elementais e que pode necesitar un pequeno período de adaptación.

Formación: niveis básicos obrigatorios e, nalgún caso, de iniciación para tarefas de oficina, así como coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión.

Comprende as seguintes categorías:

- Oficial 2ª taller.
- Axudante dependente.
- Auxiliar administrativo.

* Grupo profesional V.

Competencias requiridas: tarefas que se executen cun alto grao de dependencia, con instrucións concretas, claramente establecidas, que requiran preferentemente esforzo físico e/ou atención e que non necesitan de formación específica nin período de adaptación.

Formación: niveis básicos de formación regrada.

Comprende as seguintes categorías:

- Oficial 3ª taller.
- Mozo.
- Subalerno.

Táboas salariais
ano 2005

Categorías	Salario (€)
Xerente	923,48
Xefe de departamento	845,23
Titulado superior	845,23
Titulado medio	739,84
Xefe de sección	739,84
Oficial de 1ª especialista	710,22
Oficial de 1ª taller	688,48
Oficial de 2ª taller	677,24

Categorías	Salario (€)
Oficial de 3ª taller	665,35
Oficial administrativo	711,19
Auxiliar administrativo	665,35
Vendedor	688,48
Dependente maior de almacén	688,48
Axudante dependente almacén	665,35
Mozo	643,75
Subalerno	643,75

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 17 de outubro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da acta da comisión paritaria sobre interpretación de artigos do convenio colectivo do sector de hospitalización e internamento.

Vista a acta de interpretación de artigos da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de hospitalización e internamento, con nº de código 3600755 que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 23-9-2005, subscrita pola comisión paritaria do convenio en data 27-6-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 17 de outubro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas
Delegado provincial de Pontevedra

Comisión paritaria do convenio colectivo do sector de hospitalización e internamento da provincia de Pontevedra

-Asistentes:

CIG:

María del Carmen Comesaña Rial
María Rosa Couto
Elvira Iglesias Fernández
Olga Martínez López

UGT:

Paula Sotelino Alonso
José Agustín Somoza López
Rosa Ferreiroa Rilo
Juan Gil Abalde

CC.OO:

Ana Sierra López

Representación empresarial:

Mercedes Alonso Nogueira. Cruz Roja.
José R. Santamaría Barreiro. Clínica Fátima.
Luis Carlos Rodríguez Rodeiro. Asesor.

Secretaría de actas:

Patricia Vázquez Prada

En Vigo, nos locais da *Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra*, ás dezasete trinta horas do día vinte e sete de xuño de dous mil cinco, réunese a comisión paritaria do convenio colectivo do sector de hospitalización e internamento da provincia de Pontevedra, para os efectos de proceder á interpretación de artigos do dito convenio.

Asisten as persoas indicadas anteriormente.

Revisase a acta número dez do 21 de outubro de 2003 na que se recolle como debe facerse a revisión salarial do ano 2004.

Achégase a acta nº 10 por parte da representación social para solucionar o problema de interpretación que se presentaba por parte dalgúns empresarios sobre a subida salarial a partir de outubro de 2004.

Acórdase que a interpretación correcta segundo o que se negociou en convenio é que se consolida a subida salarial que se dá a partir do mes en que o IPC sobe do 3% establecido no convenio e non se rebaixa este salario aínda que algún mes baixe o IPC por debaixo do consolidado.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás dezanove horas do día arriba indicado.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 3 de novembro de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se lle dá publicidade á do 30 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, pola que se efectúa a formalización definitiva de adxudicacións do concurso ordinario de traslados de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional convocado por Resolución do 25 de maio de 2005.

De conformidade co establecido no artigo 22.2º do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, esta dirección xeral, no uso da competencia conferida polo artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e a Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias na Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

DISPON:

Dar publicidade á Resolución do 30 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, pola que se efectúa a formalización definitiva de adxudicacións do concurso ordinario de traslados de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, convocado por resolución da dita dirección xeral do 25 de maio de 2005, e o anexo correspondente ao ámbito territorial da comunidade autónoma co contido que se sinala a continuación.

Esta publicación, en cumprimento da normativa de aplicación, realízase para os exclusivos efectos de publicidade, e non implica a apertura de ningún tipo de prazo.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2005.

P.D. (Orde 12-9-2005)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Directora xeral de Administración Local

ANEXO

Resolución do 30 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Cooperación Local, pola que se efectúa a formalización definitiva de adxudicacións do concurso ordinario de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Os presidentes das corporacións locais con postos incluídos no concurso ordinario de provisión de postos reservados a funcionarios de Administración